

Tarefas de Historia 3º da ESO para facer en Semana Santa

Ola alumnas, como o imos levando? Bueno, espero que esas notas fosen suficientemente boas como para que poidades desfrutar dunhas boas vacacións de Semana Santa, vendo películas relixiosas!!! Pola miña banda, decirvos que decidín poñervos un punto máis a cada un de vós con respecto á nota que sacáades na 1ª avaliación. Ese punto a maiores é, fundamentalmente, por terme aturado ao longo desas semanas de marzo. Logo xa veremos como imos resolver na 3ª avaliación pero como diría Jack “o destripador”: Vaiamos por partes.

Vouvos enviar unhas tarefas (poucas) para esta Semana Santa para cando vos entre a apatía.

Ademais, como estamos nunhas festividade relixiosas, imos ver o tema 10: Novas formas de pensar: Renacemento e Reforma. De momento, imos deixar a parte do Renacemento para despois de Semana Santa, e ímonos centrar nos importantes cambios relixiosos que nesta época van ter lugar dentro do seno da Igrexa católica. Pensai que esas transformacións van dar pé a toda unha serie de fenómenos importantísimos dentro da nosa cultura occidental, e mesmo influirá na política interna e internacional dos Estados europeos, como as famosas e terribles guerras de relixión.

Entón, imos facer así:

- Poñemos o título do tema.
- Lemos as páxinas 274 a 277
- Facemos todas a actividades (incluídas a do comentario do mapa, very important!) que aparecen nesas páxinas (pero antes, lede ás páxinas, ok?)
- Agora imos enlazar estas cuestuíóns históricas co noso mundo actual. Entón, imos á páxina 282 e imos traballar esas actividades do mapa que leva por título: De onde vén a división relixiosa actual?

E isto e todo, amigos. Espero que pasedes unhas festas tranquilas, e que á volta teñamos un pouquiño máis claro o que imos facer coa 3ª avaliación. Ánimo e a seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,
David.